


## PEZA DO MES

xuño

2008



**XITANA ERRANTE**  
**JOSÉ MARÍA ACUÑA LÓPEZ**



## XITANA ERRANTE

Non é certo que os nenos teñan fame  
Non pode ser.  
Ben o sabedes todos  
os que andades no mundo atafegados  
á percura do pan dos vosos fillos  
Ises outros que vedes pola rúa  
pedindo esmola,  
non teñen fame, non, porque daquela  
vos teríades morto de vergonza.

*José Mª Álvarez Blázquez*

José Mª Acuña naceu o 4 de abril de 1903 en Salcedo, Pontevedra, fillo dun ferreiro que deixou boas obras de reixería artística. Era xordomudo de nacemento, e tivo que superar limitacións económicas e graves enfermidades, coma a tuberculose para seguir a súa vocación de escultor. De 1920 a 1923 estudou no Colexio de Sordos e Cegos de San Domingos en Santiago, cidade na que comenza a súa formación escultórica, na Escola de Artes e Oficios e nos obradoiros do marmorista Barral, o imaxineiro López-Pedre e o escultor Asorey, quen, como contaba o propio Acuña, non lle ensina ningún dos segredos técnicos, e é quen de lle plaxiar un bosquejo para "*O tesouro*". Remata a súa formación, obtendo moi boas calificacións, na Escola de Belas Artes de San Fernando gracias á recente política de promoción das artes da Deputación de Pontevedra por medio da concesión de

axudas económicas a cambio de recibir unha obra, o que significou un patrocinio para a evolución da arte galega e o inicio dunha colección por parte da institución; así a partir do último terzo do século XIX, o mecenado é asumido pola protección oficial en forma de pensións para estudar en Madrid ou Roma, e os destinatarios tradicionais das obras de arte, a Igrexa e as coleccións reais, foron substituídas polas adquisicións do Estado e a burguesía relacionada coa industria e as finanzas. En 1923 a pensión concedida a Acuña é de 1.500 pesetas anuais que serían insuficientes e precisa dunha subscripción popular para completala. Participou na exposición de arte galega celebrada no Palacio do Retiro madrileño (1925), na Rexional de Arte Galega en Santiago (1926) e no Salón Internacional de Artistas Silenciosos (1928). En 1930 nomeárono profesor de debuxo, modelado e talla do Colexio Rexional de Xordomudos de Santiago no que estudiara. Entre 1933 e 1972 dedicouse ao ensino polo que abandona a actividade artística agás unhas colaboracións coa Cerámica Celta de Pontecesures e coa artesanía Compostelá de César Ouro. Chega a xubilación en 1973 e animado e apoiado pola súa filla Luchy, lánzase a unha vertixinosa actividade plástica coa necesidade de recuperar o tempo perdido. Así, sorpréndenos cunha produción abundantísima, e, aínda que nestas datas ese costumismo anecdótico resulta anacrónico elo non impide que goce de pleno recoñecemento oficial e sexa aclamado polos medios de comunicación que se fan eco das múltiples exposicións en cidades de Galicia (como as Bienais de Arte de Pontevedra (1972-73) ou no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense en 1976), de España (Madrid, Valencia, Barcelona...) e de toda Europa e América, ata o punto de ser un dos artistas galegos de maior difusión. Está representado en museos e coleccións institucionais de todo o mundo. Recibe recoñecementos: II Premio Nacional de Escultura (1976), Medalla ao Mérito ao Traballo e a Medalla Castelao (1991) e sentidas homenaxes, como a que en 1978 na Coruña, lle rinden o Ministro de Cultura e a Fundación Barrié de la Maza, e na que anuncian a adquisición dunha colección completa das súas obras con destino á Sede da Fundación e aos Museos de Galicia. Así, en 1979, o Museo Arqueolóxico de Ourense recibe, en mans do seu director, Francisco Fariña Busto e en presenza da directora do Arquivo Provincial, Olga Gallego e outras autoridades catro esculturas en bronce: *Chisqueiro*, *Moza garrida*, *Fadega* e a peza a que se adican estas liñas *Xitana errante*, da que o museo conserva, co Número de Rexistro 4.874, a copia nº 8 dun total das 25 fundidas en Madrid en 1977 por Eduardo Capa, como acredita a súa marca. O autor asina esta escultura de 40 x 25 cm enlazando as súas iniciais: JMAcuña.



Os últimos anos da súa vida transcorren en Vigo, onde lle poñen o seu nome a unha rúa e a un colexio, falecendo en 1991. A súa neta, Begoña Cebrián Acuña comisariou unha exposición no Museo do Pobo Galego e constata que moitas pezas están en mans de particulares polo que son menos coñecidas e difíciles de localizar para ser amosadas.

Representa, dentro da escultura galega, un costumismo academicista que nos traslada aos ideais pictóricos noventaioitistas (os mestres del en San Fernando), cunha arte con vocación educativa dentro do vocabulario académico, optando para a representación deses heroes anónimos da sociedade galega polo pequeno formato que propicia unha maior inmediatez entre o espectador e a obra. Traballa con rigor académico, modelando grupos e figuras que falan por él da dinámica da vida cotiá, nun discurso sinxelo e profundo. Non busca novas linguaxes artísticas, é un escultor realista, de inspiración folclórica cun claro substrato romántico e cun gran dominio da anatomía. Profundo admirador de Rodin, procura unha beleza eterna baseada na correcta proporción. É un excelente debuxante, que modela con minuciosidade esas escenas populares coas que toca algunha das veas esenciais no destino e no carácter do seu pobo: a relixiosidade, o lar, os mariñeiros e os labregos, a miseria, os nenos e vellos, a vida... Con perfección técnica, aborda a imaxe dende a óptica dun realismo, minucioso e depurado, pro-

fundamente académico, semellante ao empregado na pintura por Sotomayor ou Sorolla. E como neste, a denuncia social queda plasmada no título das obras (*Hoxe comeredes, Viúvo, Hoxe caldo ou Busca do médico*) caracterizadas por un naturalismo amable e mesmo anecdótico (*Pedindo mozo a San Antón, Medo ao mar, Volta da romería ou Peixeira*) e pola exaltación mitificadora do folclore, contidos e estéticas populares. Nas súas obras hai sentimento e vigor, sen perder nunca ese idealismo que tan fondo callou na sensibilidade popular. Exemplo de firme vontade, traballador incansable, elaborou un gran repertorio coa súa honrada tarefa de mostrar a preocupación polas familias de campesiños e mariñeiros, tratadas como auténticos símbolos e testemuñas de marxinação, reflectida nas actitudes e no rostro. A intención social esixía claridade, que fose transparente para o público a quen ía dirixido sen alardes intelectuais. Bonome, Asorey, Acuña ou Eiroa, influídos polo costumismo de Brocos, desenvolven unha produción baseada na observación da realidade galega plasmando a estrutura rural e o seu carácter matriarcal. Un dos temas máis antigos da historia da arte universal, e fundamental dentro da escultura galega dos dous primeiros terzos do século XX, é a maternidade. Todos os escultores coetáneos de Acuña a representan: Asorey, Camilo Nogueira, Eiroa; Cristino Mallo, Failde, Uxío Souto ou Bonome, como símbolo e expresión da terra.

Acuña modela a xitana con, alomenos, catro tipoloxías, como busto en *Xitana*, e de corpo enteiro en *A boaventura*, *Xitana sentada* e *Xitana errante*, nestes dous últimos casos coma nai. Sempre realista no tema, equilibra harmoniosamente o detallismo da vestimenta coa forza expresiva do rostro, que trasloce o sentimento íntimo do personaxe. Cun claro carácter pictórico nas roupaxes, a indumentaria componse de recios zapatóns, camisa e saia cinguida á cintura con moito voo que xunto cos flocos axitados do mantón dotan a peza de dinamismo. Non leva pano á cabeza, senón no colo o que permite detallar o cabelo, peiteado nun moño suxeito con peitas deixando na fronte o característico guedello ensortillado. Non posúe máis aderezos que uns grandes aretes pendurando das orellas. Con actitude digna, camiña dun sitio a outro na busca do sustento. Ten todo o mundo por diante e dous fillos detrás; a nena, suxeita pola man, á que case arrastra, pois xa vai cansa de moito camiñar, ela tan cativa... e o "*churumbel*", neno de peito que nun burulllo aprétase contra a espalda da nai e chucha o dedo, levará fame... Nesa muller-nai, a forza formal do recio rostro está aderezada de tenrura na leve inclinación da cabeza, extenuada de asumir tamén o rol de pai coa altivez de quen ten, como di Cebrián, por patria "*Santa María de todo o mundo*".






FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

### O horario de visita é o seguinte:

Mañá: martes a domingo, de 9,30 a 14,30h

Tarde: martes a sábado, de 16,00 a 21,00h

Permanece pechado os luns e festivos

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

**Horario de atención ao público:** de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: M<sup>a</sup> del Pilar Núñez Sánchez.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: Eidograf.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE